



# GUÍA DO DOCENTE

**CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE**

**FMEM0109 Xestión da Produción en Fabricación  
Mecánica**



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E PLANIFICACIÓN DA AVALIACIÓN .....	4
3. SISTEMA DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA APRENDIZAXE .....	12
3.1 Instrucións para a elaboración dos instrumentos de avaliación .....	13
4. INSTRUCIÓN PARA A CUMPRIMENTACIÓN DOS DOCUMENTOS .....	15
5. REXISTRO DOS RESULTADOS .....	17
6. FUNCIÓN DOS/AS FORMADORES/AS .....	19
EXEMPLOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	20



## 1. INTRODUCCIÓN

Un Certificado de Profesionalidade é un documento que permite acreditar a unha persoa traballadora nunha cualificación profesional do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais (CNCP); polo tanto, certifica as competencias profesionais que ten o individuo para o desenvolvemento dunha actividade laboral.

Este documento é emitido polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou polas Comunidades Autónomas e ten validez a nivel nacional


Posuír un Certificado de Profesionalidade supón o incremento do currículo profesional, posto que é un documento de carácter oficial que se valora en calquera proceso de selección convocado polas Administracións Públicas e acredita profesionalmente ante as empresas privadas.

Esta formación está regulada polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, modificado polo RD 189/2013 do 15 de marzo e desenvolvida na Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

Os certificados obtéñense, por unha parte, tras superar todos os módulos formativos que o integran e, por outra, mediante os procedementos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, segundo se indica no RD 1224/2009, do 17 de xullo.

A devandita titulación é expedida directamente dende a Administración laboral competente mediante a presentación a probas para acreditar competencias laborais polo RD marcado anteriormente ou ben, pola realización de formación asociada a estes a través do ficheiro de especialidades formativas que poden impartirse nos centros de formación acreditados polos servizos de emprego correspondentes.

### PROCESO DE OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDAD





## 2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E PLANIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

O certificado de profesionalidade **FMEM0109 Xestión da Produción en Fabricación Mecánica** de 350 horas de duración, ten como competencia xeneral “*Programar e controlar a produción en fabricación mecánica, para asegurar o seu axuste cos obxectivos de produción e ordes de fabricación, determinando os lotes que se deben fabricar e o comezo da súa produción, garantindo a subministración de materias primas e produtos semielaborados nas liñas e postos de fabricación, cumprindo cos criterios de calidade, seguridade e protección do medio ambiente establecidos.*”

O desenvolvemento da acción formativa estrutúrase do seguinte xeito:

Módulo formativo	Unidade formativa	Unidades de aprendizaxe (Unidades didácticas)
MF1267_3 Técnicas de programación e control da produción en fabricación mecánica	UF1125 Técnicas de programación en fabricación mecánica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Programación da produción en fabricación mecánica</li> <li>- Construción de grafos na planificación e programación en fabricación mecánica</li> <li>- Información de proceso e flexibilización dos sistemas de produción en fabricación mecánica</li> <li>- Simulación de produción de fabricación mecánica</li> </ul>
	UF1126 Control de la produción en fabricación mecánica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Programación da produción en fabricación mecánica</li> <li>- Produción axustada en fabricación mecánica</li> <li>- Programación de proxectos e planificación das necesidades en fabricación mecánica</li> <li>- Control da produción en fabricación mecánica</li> </ul>
	UF1127 Rexistro, evolución e incidencias na produción en fabricación mecánica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Documentación e xestión de proxectos</li> <li>- Seguimento e control da produción</li> </ul>
MF1268_3 Aproveisionamento en fabricación mecánica	UF1128 Control do almacenamento mecánico	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproveisionamento de materias primas en liñas de produción</li> <li>- Transporte e abastecemento</li> <li>- Almacenamento</li> <li>- Xestión e control de proveenemento</li> </ul>



	UF1129 Costes dos procesos de mecanizado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise de tempos e costes</li> <li>- Elaboración de costes de xestión da produción mecánica</li> <li>- Prevención de riscos laborais e medioambientais no transporte e almacenamento de produtos</li> </ul>
--	--	---

As capacidades e criterios de avaliación marcados no RD 684/2011, de 13 de maio, polo que se regula o certificado de profesionalidade, enmárcanse dentro das unidades didácticas tal e como se detalla a continuación:

<b>MF1267_3 TÉCNICAS DE PROGRAMACIÓN E CONTROL DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDADE FORMATIVA</b>	UF1125 Técnicas de programación en fabricación mecánica
<b>Capacidades e Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>C1: Analizar a documentación técnica que se emprega na programación e control da produción en fabricación mecánica.</p> <p>CE1.1 Interpretar os distintos tipos de documentos (follas de ruta, listas de materiais, fichas de traballo, follas de instrucións, fichas de carga, follas de avance) empregados na organización da produción.</p> <p>CE1.2 Describir as técnicas de xestión da produción e as características dos seus documentos.</p> <p>CE1.3 Determinar as técnicas operativas e os métodos cuantitativos de organización industrial.</p> <p>CE1.4 Elaborar a documentación, gráficos e diagramas empregados na organización da produción, estudos de métodos, planificación e programación (movementos, tarefas e tempos).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Aplicar programas e medios informáticos.</li> <li>- Utilizar os grafos como unha linguaxe de planificación, programación e organización.</li> </ul> <p>CE1.5 Representar as técnicas de modelización e sistemas con esperas.</p>	<p><b>2. Construción de grafos na planificación e programación en fabricación mecánica.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Modelización de organización industrial mediante grafos.</li> <li>-Conceptos e terminoloxía.</li> <li>-Representación de grafos.</li> <li>-Problemas numéricos e de optimización de grafos.</li> <li>-Paquetes informáticos.</li> <li>-Problemas de camiños (rutas de traballo).</li> <li>-Fluxos de traballo.</li> <li>-Causas e costes de espera.</li> </ul> <p><b>3. Información de proceso e flexibilización dos sistemas de produción en fabricación mecánica.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Cumprimentación da información do proceso.</li> <li>-Aplicación de técnicas de organización.</li> <li>-Planificación e flexibilización de recursos humanos.</li> <li>-Sistemas con esperas.</li> <li>-Utilización de modelos estándar da teoría de colas.</li> <li>-Causas e costes de espera.</li> <li>-Xestión de colas.</li> <li>-Estimación dos parámetros de proceso.</li> </ul>
<p>C2: Xestionar o desenvolvemento dun, as súas fases, etapas e secuencias.</p> <p>CE2.1 Xestionar a documentación utilizada na organización da produción cos datos e información adecuados.</p> <p>CE2.2 Aplicar as técnicas para manter organizado e actualizado o rexistro de datos, arquivo e a documentación técnica.</p> <p>CE2.3 Organizar e procesar a información xerada na programación e</p>	<p><b>1. Programación da produción en fabricación mecánica.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Introdución: Historia, conceptos, métodos, modelos e algoritmos.</li> <li>-Planificación estratéxica.</li> <li>-Plan de produción agregada.</li> <li>-Planificación da produción desagregada o Sistema Mestre de Produción (MSP).</li> <li>-Plan de requirimento de materiais (MRP).</li> <li>-Políticas de produción: Limitacións de</li> </ul>



<b>MF1267_3 TÉCNICAS DE PROGRAMACIÓN E CONTROL DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDADE FORMATIVA</b>	UF1125 Técnicas de programación en fabricación mecánica
<b>Capacidades e Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>control da produción mecánica.            CE2.4 Identificar posibles desaxustes e a súa repercusión na produción: azar nos fluxos de material e persoal, paros, atrasos, colas, erros.            CE2.5 Proporcionar instrumentos para resolver problemas de deseño de sistemas produtivos e loxísticos.</p>	<p>stocks, produción regular extraordinaria e por lotes.            -Capacidades de produción e cargas de traballo.            -Xestión e introdución ás redes de colas.            -Asignación e secuenciación de cargas de traballo</p> <p><b>3. Información de proceso e flexibilización dos sistemas de produción en fabricación mecánica.</b>            -Cumprimentación da información do proceso.            -Aplicación de técnicas de organización.            -Planificación e flexibilización de recursos humanos.            -Sistemas con esperas.            -Utilización de modelos estándar da teoría de colas.            -Causas e costes de espera.            -Xestión de colas.            -Estimación dos parámetros de proceso.</p>
<p>C3: Realizar unha proposta de fabricación mecánica, a documentación do produto, a disposición e características dos medios de produción.</p> <p>CE3.1 Determinar as necesidades dos medios de produción, materiais, recursos humanos, procesos e tempo do ciclo.            CE3.2 Elaborar os diagramas do proceso, o proceso das operacións, os tempos previstos dos distintos procesos e os seus posibles desaxustes.            CE3.3 Elaborar o diagrama de percorrido, realizar a sincronización de operacións e detectar os seus puntos críticos.            CE3.4 Optimizar o aproveitamento dos medios de produción e dos recursos humanos (absentismo, vacacións, horarios...) determinando o número de máquinas que se poden atender sen interferencias.            CE3.5 Representar graficamente a organización, planificación e programación do caso proposto.            CE3.6 Simular deseño e aplicar os modelos existentes.</p>	<p><b>4. Simulación de produción de fabricación mecánica.</b>            -Concepto, clasificación e aplicacións.            -Xestión do reloxo na simulación discreta.            -Simulación aleatoria, obtención de mostras e análises de resultados.            -Introdución aos linguaxes de simulación.</p>



<b>MF1267_3 TÉCNICAS DE PROGRAMACIÓN E CONTROL DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDADE FORMATIVA</b>	UF1126 Control da produción en fabricación mecánica
<b>Capacidades e Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>C1: Realizar o control da produción analizando e caracterizando modelos en fabricación mecánica.</p> <p>CE1.1 Identificar e caracterizar os modelos de control de produción empregados en fabricación mecánica, analizando as técnicas de control existentes, as desviacións de produción y as causas que as provocan.</p> <p>CE1.2 Describir o proceso de captura de datos de produción.</p> <p>CE1.3 Identificar as causas que provocan desviación nos programas de produción.</p> <p>CE1.4 Describir as técnicas e recursos necesarios para correxir as desviacións do programa de produción.</p> <p>CE1.5 Calcular as variables dun proceso de fabricación mecánica (produción, rendemento, carga de traballo, tempos improdutivo), adoptando as medidas pertinentes para optimizar os procesos.</p>	<p><b>1. Programación da produción en fabricación mecánica.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Produción con limitacións de stocks, produción regular e extraordinaria, produción por lotes.</li> <li>-Programación da produción. Plan agregado.</li> <li>-Capacidades de produción e cargas de traballo.</li> <li>-Programa mestre de produción.</li> <li>-Asignación e secuenciación de cargas de traballo.</li> <li>-Produtividade. Eficiencia. Eficacia. Efectividade.</li> </ul> <p><b>4. Control da produción en fabricación mecánica.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Técnicas para o control da produción.</li> <li>-Reprogramación.</li> <li>-SMED nun entorno de fabricación áxil.</li> <li>-Implantación e aplicación práctica de SMED</li> <li>-Métodos de seguemento da produción:             <ul style="list-style-type: none"> <li>-método PERT</li> <li>-método de coste mínimo,</li> <li>-método ROY,</li> <li>-diagramas e táboas de Pareto.</li> </ul> </li> </ul>
<p>C2: Elaborar o programa de fabricación mecánica dun produto seriado, partindo do proceso, as especificacións técnicas do produto e prazo de entrega.</p> <p>CE2.1 Xestionar as formas de eliminar pescozos de botella e tempos mortos nunha fabricación mecánica.</p> <p>CE2.2 Determinar as técnicas de equilibrado de liñas, e interpretar as correspondentes follas de instrucións.</p> <p>CE2.3 Describir como se establece un gráfico de cargas, analizando a asignación de tempos.</p> <p>CE2.4 Establecer as características que debe reunir unha folla de ruta.</p> <p>CE2.5 Enumerar as técnicas de programación máis relevantes.</p>	<p><b>2. Producción axustada en fabricación mecánica.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Plan mestre de produción e mellora.</li> <li>-Círculos de calidade.</li> <li>-Método just in time (J.I.T.).</li> <li>-Nivelado da produción.</li> <li>-Cartóns Kanban.</li> <li>-Método de tecnoloxía para a optimización da produción (O.P.T.).</li> <li>-Teoría das limitacións (T.O.C.).</li> </ul> <p><b>3. Programación de proxectos e planificación das necesidades en fabricación mecánica.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seis Sigma. Unha nova filosofía de calidade.</li> <li>-Implantación de Seis Sigma.</li> <li>-Programación de proxectos, método PERT.</li> <li>-Programación de proxectos, método ROY.</li> <li>-Planificación dos requirimentos de materias MRP y MRP II.</li> <li>-Lanzamento de ordes.</li> </ul>
C3: Planificar un encargo de fabricación	<b>3. Programación de proxectos e</b>



<b>MF1267_3 TÉCNICAS DE PROGRAMACIÓN E CONTROL DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDADE FORMATIVA</b>	UF1126 Control da produción en fabricación mecánica
<b>Capacidades e Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>mecánica, a documentación do produto, cantidade, prazo de entrega, coste, proceso de fabricación, estudo de tempos, disposición dos medios de produción, calendario laboral, incidencias da man de obra, tempo para o mantemento e suministro de materiais de produción:</p> <p>CE3.1 Determinar a produción diaria e acumulada total de cada medio de produción e dos postos de traballo.</p> <p>CE3.2 Determinar a data de cumprimentación do encargo e, no seu caso, as entregas parciais debidamente cuantificadas.</p> <p>CE3.3 Optimizar o aproveitamento dos medios de produción e os recursos humanos.</p> <p>CE3.4 Establecer a folia de ruta para cada peza tendo en conta a carga de traballo, en función das transformacións e procesos a que deban someterse.</p> <p>CE3.5 Identificar, polo nome o código normalizado, os materiais, utensilios, ferramentas e equipos requeridos para acometer as distintas operacións da produción.</p> <p>CE3.6 Establecer a programación do mantemento preventivo, partindo do plan de mantemento.</p> <p>CE3.7 Xerar a información que defina: Medios, utensilios e ferramentas, rutas das pezas e «stocks» intermedios.</p> <p>CE3.8 Xestionar as tarefas e movementos mediante un programa informático para a xestión da produción (GPAO).</p>	<p><b>planificación das necesidades en fabricación mecánica.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seis Sigma. Unha nova filosofía de calidade.</li> <li>-Implantación de Seis Sigma.</li> <li>-Programación de proxectos, método PERT.</li> <li>-Programación de proxectos, método ROY.</li> <li>-Planificación dos requirimentos de materiais MRP y MRP II.</li> <li>-Lanzamento de ordes.</li> </ul> <p><b>4. Control da produción en fabricación mecánica.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Técnicas para o control da produción.</li> <li>-Reprogramación.</li> <li>-SMED nun entorno de fabricación áxil.</li> <li>-Implantación e aplicación práctica de SMED</li> <li>-Métodos de seguimento da produción:             <ul style="list-style-type: none"> <li>-método PERT</li> <li>-método de coste mínimo,</li> <li>-método ROY,</li> <li>-diagramas e táboas de Pareto.</li> </ul> </li> </ul>

<b>MF1267_3 TÉCNICAS DE PROGRAMACIÓN E CONTROL DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDADE FORMATIVA</b>	UF1127 Rexistro, evolución e incidencias na produción en fabricación mecánica
<b>Capacidades e Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>C1: Xestionar o rexistro de datos mediante aplicacións informáticas GPAO (xestión da produción).</p> <p>CE1.1 Interpretar unha folia de procesos de fabricación mecánica</p>	<p><b>1. Documentación e xestión de proxectos.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Interpretación dunha folia de procesos de fabricación mecánica.</li> <li>-Estruturación dun proxecto.</li> <li>-Xestión e control do funcionamento das</li> </ul>



<b>MF1267_3 TÉCNICAS DE PROGRAMACIÓN E CONTROL DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDADE FORMATIVA</b>	UF1127 Rexistro, evolución e incidencias na produción en fabricación mecánica
<b>Capacidades e Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>(etapas, fases, operacións, croquis de operación, instrumentos de control, parámetros de corte...) realizar o seu rexistro e controlar a súa evolución.</p> <p>CE1.2 Identificar os conceptos xenerais relacionados co rexistro de datos introducidos en aplicacións informáticas de xestión da produción (GPAO).</p> <p>CE1.3 Establecer os procesos de manipulación das entradas de documentos a rexistro.</p> <p>CE1.4 Realizar consultas e recuperación de información no entorno das aplicacións informáticas de xestión da produción.</p>	<p>unidades de produción.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Clasificación e arquivo de documentación.</li> <li>-Análise da documentación utilizada na programación e control da produción.</li> <li>-Sistemas de planificación e control da produción integrados, asistidos por ordenador.</li> </ul>
<p>C2: Analizar os criterios que inflúen no seguemento e control da fabricación mecánica e como correxir as súas posibles desviacións do programa de produción.</p> <p>CE2.1 Interpretar e elaborar informes destinados ao seguemento e control da fabricación.</p> <p>CE2.2 Adoptar as medidas necesarias para correxir desviacións nun programa de produción establecido previamente.</p> <p>CE2.3 Identificar as causas das desviacións.</p> <p>CE2.4 Aplicar técnicas para resolver as desviacións.</p> <p>CE2.5 Axustar o programa de produción utilizando software GPAO.</p>	<p><b>2. Seguemento e control da produción.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Análises de informes e gráficas.</li> <li>-Preparación do planning diario de control de la produción.</li> <li>-Detección e corrección de desfases de tempos.</li> <li>-Tratamento de arquivos e consulta da súa evolución.</li> <li>-Incidencias na produción mediante software GPAO.</li> </ul>

<b>MF1268_3 APROVISIONAMIENTO EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDAD FORMATIVA</b>	UF1128 Control del almacenamiento mecánico
<b>Capacidades y Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>C1: Determinar as necesidades de aprovisionamento de materiais en función do produto e do proceso de traballo.</p> <p>CE1.1 Identificar as fases e técnicas que interveñen nun proceso de aprovisionamento.</p> <p>CE1.2 Describir os procesos de aprovisionamento (cantidade, prazo de entrega, transporte, entre outros).</p> <p>CE1.3 Enumerar os procedementos do control de aprovisionamento (control de</p>	<p><b>1. Aprovisionamento de materias primas en liñas de produción.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Importancia da loxística.</li> <li>-Sistemas informáticos de información e xestión.</li> <li>-Obxectivos da loxística.</li> <li>-Loxística de aprovisionamento e de fabricación.</li> <li>-Controlar o aprovisionamento na produción utilizando software GPAO.</li> </ul>



<b>MF1268_3 APROVISIONAMIENTO EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDAD FORMATIVA</b>	UF1128 Control del almacenamiento mecánico
<b>Capacidades y Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>almacén, puntos de distribución, prazos, forma de entrega, destinos, entre outros), indicando as medidas de corrección máis usuais (descontos, devolución, entre outros).            CE1.4 Utilizar aplicacións informáticas para a xestión do aprovisionamento.</p>	
<p>C2: Aplicar os procedementos de aprovisionamento ou distribución que garantan os prazos establecidos na programación da produción.            CE2.1 Identificar e caracterizar os medios de transporte desde a óptica do aprovisionamento e a distribución.            CE2.2 Xestionar as diferentes partidas que compoñen o coste total de transporte e do abastecemento aos postos de traballo.</p>	<p><b>2. Transporte e abastecemento.</b>            -Modalidades de transporte.            -Avaliación do transporte.            -Rutas de abastecemento.            -Loxística de distribución e transporte.</p>
<p>C3: Realizar o control de aprovisionamento establecendo procesos de recepción e almacenaxe, sistemas de manipulación, cumprindo coas normas de prevención de riscos laborais e ambientais.            CE3.1 Xestionar o proceso de recepción de materiais.            CE3.2 Aplicar os medios de manipulación máis utilizados no almacenamento de produtos.            CE3.3 Definir os distintos tipos de almacén de pranta o de posto de traballo e a súa organización.            CE3.4 Identificar os tipos de embalaxe e paletización máis utilizados en cada medio de transporte.            CE3.5 Caracterizar os principais sistemas de control de existencias, valorando as súas vantaxes, inconvenientes e aplicacións.            CE3.6 Utilizar aplicacións informáticas para a xestión do almacén.</p>	<p><b>3. Almacenamento.</b>            -Recepción de pedidos.            -Actividades de almacenamento.            -Obxectivos do almacenamento.            -Manipulación das mercancías.            -Embalaxe e etiquetado.            -Métodos de valoración de stocks.            -Inventarios.            -Nivel óptimo de existencias.            -Aplicacións informáticas de xestión de almacén.</p> <p><b>4. Xestión e control de aprovisionamento.</b>            -Xestión con provedores.            -Políticas de aprovisionamento.            -Asignación de «stocks». Control de existencias.            -Carga e transporte.</p>

<b>MF1268_3 APROVISIONAMIENTO EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDADE FORMATIVA</b>	UF1129 Custos dos procesos de mecanizado
<b>Capacidades e Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>C1: Analizar os criterios que inflúen nos tempos e costes das operacións de xestión da produción mecánica.            CE1.1 Describir os conceptos xenerais que interveñen nos análises de tempos e expoñer as diferentes clases de</p>	<p><b>1. Análises de tempos e costes.</b>            -Análises de tempos, conceptos xenerais.            -Clases de costes: fixos, variables e medios.            -Estimacións de tempos, sistemas de</p>



<b>MF1268_3 APROVISIONAMENTO EN FABRICACIÓN MECÁNICA</b>	
<b>UNIDADE FORMATIVA</b>	UF1129 Custos dos procesos de mecanizado
<b>Capacidades e Criterios de avaliación</b>	<b>Unidades didácticas</b>
<p>costes.            CE1.2 Interpretar unha folia de procesos da xestión da produción (etapas, fases, operacións, croquis de operación, instrumentos de control, parámetros de corte...) optimizando tempos e costes.            CE1.3 Desenvolver sistemas para reducir tempos e costes descompoñendo o traballo en elementos, cronometrando, reorganizando tarefas,...</p>	<p>tempos predeterminados.            -Interpretación da folia de procesos e optimización de tempos e costes.            -Descomposición dos ciclos de traballo en elementos, cronometraje.            -Sistemas para reducir tempos e costes.</p> <p><b>3. Prevención de riscos laborais e medioambientais no transporte e almacenamento de produtos.</b>            -Aspectos legislativos e normativos.            -Riscos debidos aos elementos nocivos no posto de traballo.            -Avaliación de riscos.            -Residuos e produtos xerados na actividade laboral: caracterización, clasificación, utilización e tratamento.            -Equipos de protección (individual, colectiva e dos equipos) utilizados.</p>
<p>C2: Determinar o coste dunha operación de mecanizado con arreglo ao prezo dos factores que interveñen na mesma, estimando o tempo necesario para realizala.            CE2.1 Interpretar táboas de asignación de tempos non produtivos para operacións de mecanizado.            CE2.2 Interpretar catálogos e ofertas comerciais relacionadas cos materiais e ferramentas que interveñen na xestión da produción mecánica.            CE2.3 Establecer as relacións que existen entre as variables que interveñen no tempo de mecanizado (velocidade, espacio...).            CE2.4 Establecer as relacións que existen entre as variables que interveñen no coste de mecanizado (tempo de corte, tempo improductivo, coste de materiais, coste de man de obra, coste de ferramentas, costes indirectos, costes enerxéticos).</p>	<p><b>2. Elaboración de costes de xestión da produción mecánica.</b>            -Cálculo de parámetros de corte nas diferentes máquinas ferramentas.            -Cálculo de costes de mecanizado:            -Cálculo de tempos de fabricación.            -Tempos de corte das distintas operacións de mecanizado.            -Tempo de preparación.            -Tempo de operacións manuais.            -Tempos imprevistos.            -Preparación dunha oferta de mecanizado:            -Estimación do prazo de entrega.            -Documentación comercial.            -Prezo de oferta.</p> <p><b>3. Prevención de riscos laborais e medioambientais no transporte e almacenamento de produtos.</b>            -Aspectos legislativos e normativos.            -Riscos debidos aos elementos nocivos no posto de traballo.            -Avaliación de riscos.            -Residuos e produtos xerados na actividade laboral: caracterización, clasificación, utilización e tratamento.            -Equipos de protección (individual, colectiva e dos equipos) utilizados.</p>

A medida que se avance no desenvolvemento das unidades didácticas, o docente deberá avaliar os alumnos en relación a estas capacidades e criterios de avaliación.



O sistema de avaliación defínese no apartado seguinte.

### 3. SISTEMA DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA APRENDIZAXE

A avaliación da adquisición das capacidades e competencias do módulo formativo, levarase a cabo mediante:

- Avaliación continua
- Avaliación final

A avaliación continua está formada polas actividades e supostos prácticos realizados na aula.

Entendemos por supostos prácticos os exercicios baseados en casos reais, simulacións ou situacións descritas previamente e de xeito detallado sobre o que o alumno debe formular unha solución ou proposta.

En canto ás actividades, son exercicios cunha breve formulación e de execución ou resolución inmediata.

Esta avaliación continua, é o resultado da media obtida entre as distintas puntuacións das probas establecidas e supoñen un 30% de peso na nota final.

Por outro lado, a avaliación final consistirá nunha proba de avaliación de todo o módulo formativo. Esta proba é de carácter teórico práctico e estará composta por preguntas abertas, así como por pequenos supostos prácticos. Nela veranse representadas todas as capacidades e unidades didácticas.

O peso desta proba é do 70%. En caso de que algún alumno non supere a proba final, programarase unha segunda convocatoria.

Cada unha destas probas dá resposta aos criterios de avaliación establecidos e as capacidades establecidas no Real Decreto de referencia.

Tanto os exercicios que compoñen a avaliación continua, coma a proba de avaliación final, puntuaranse nunha escala de 0 a 10, sendo 5 a puntuación mínima para superala

O resultado final do módulo se valorará en función dos seguintes baremos:

RESULTADO	PUNTUACIÓN
<b>Non apto</b>	De 0 a 4'99
<b>Apto (Suficiente)</b>	De 5 a 6'99
<b>Apto (Notable)</b>	De 7 a 8'99
<b>Apto (Sobresáinte)</b>	De 9 a 10

O rexistro dos resultados obtidos de cada proba se levará a cabo no documento denominado Acta de Avaliación.

A continuación indícanse as probas mínimas a realizar en cada módulo e unidades formativa:



MÓDULOS FORMATIVOS	UNIDADES FORMATIVAS	PRUEBAS DE EVALUACIÓN
MF1267_3 Técnicas de programación e control da produción en fabricación mecánica	UF1125 Técnicas de programación en fabricación mecánica	- Exame do módulo formativo MF1267_3 - Actividade 1 “Programación e control da produción” (contemplando a capacidade 1) - Suposto práctico 1 “Xestión do proceso” (contemplando a capacidade 2) - Suposto práctico 2 “Esquema de fabricación mecánica” (contemplando a capacidade 3)
	UF1126 Control da produción en fabricación mecánica	- Exame do módulo formativo MF1267_3 - Actividade 1 “Control da produción segundo modelos” (contemplando a capacidade 1) - Actividade 2 “Programa de fabricación mecánica” (contemplando a capacidade 2) - Suposto práctico 1 “Planificación dun encargo” (contemplando a capacidade 3)
	UF1127 Rexistro, evolución e incidencias na produción en fabricación mecánica	- Exame do módulo formativo MF1267_3 - Suposto práctico 1 “Xestión, seguemento e control” (contemplando a capacidade 1 e 2)
MF1268_3 Aprovisionamento en fabricación mecánica	UF1128 Control do almacenamento mecánico	- Exame do módulo formativo MF1268_3 - Actividade 1 “Necesidades e procedementos de aprovisionamento” (contemplando a capacidade 1 e 2) - Actividade 2 “Control do aprovisionamento” (contemplando a capacidade 3)
	UF1129 Costes dos procesos de mecanizado	- Exame do módulo formativo MF1268_3 - Actividade 1 “Tempo e custe en produción mecánica” (contemplando a capacidade 1 e 2)

### 3.1 Instrucións para a elaboración dos instrumentos de avaliación

Os tipos de exercicios avaliábeis que se terán en conta na avaliación continua serán:

- Supostos prácticos
- Actividades

Polo menos debe realizarse un instrumento por cada 30 horas de curso.

No caso da avaliación final, o exercicio a realizar será:

- Proba de avaliación final

A continuación descríbese detalladamente as pautas para a elaboración de estes instrumentos de avaliación.



### A) Supostos prácticos

Definimos un suposto práctico como un exercicio no que se parte dunha situación descrita de maneira detallada sobre a cal o alumno debe formular unha solución o unha proposta de resolución.

Para a elaboración de este tipo de instrumento é necesario indicar un punto de partida para situar ao alumno nun contexto determinado e a partir de aí realizar preguntas para que o alumno poida poñer en práctica os coñecemento adquiridos e poida demostrarse que supera o Criterio de avaliación indicado.

Todo suposto práctico debe, por tanto, constar dun enunciado do exercicio e, no caso de ser necesario, información relativa ao mesmo para poder realizalo.

Ademais débese aportar un modelo coa resposta. No caso de que non exista unha resposta única, este modelo debe mostrar instrucións de realización do exercicio o descrición dos pasos que debe dar o alumno para chegar a unha resolución no caso. A pesar de ser un exercicio de corrección subxectiva debe indicarse os puntos críticos que ha de incluír a solución do alumno para considerarse válido o exercicio e evidenciar que da resposta á capacidade correspondente.

### B) Actividades

Definíamos as actividades como pequenos exercicios cunha breve formulación sobre a cal o alumno formula unha solución. Poden incluírse dentro das actividades a análise dunha normativa, a busca de información, selección de ferramentas...

As actividades deben incluír un enunciado do exercicio e, en caso de ser necesario, información relativa a este para poder realizalo.

Ademais débese achegar un modelo coa resposta. No caso de que non exista unha resposta única, este modelo debe mostrar instrucións de realización do exercicio ou descrición dos pasos que debe dar o alumno para chegar a unha resolución no caso. A pesar de ser un exercicio de corrección subxectiva debe indicarse os puntos críticos que ha de incluír a solución do alumno para considerarse válido o exercicio e evidenciar que dá resposta ao criterio ou criterios de avaliación correspondentes.

### C) Proba de avaliación final

A Orde ESS/1897/2013 indica que:

*“Á finalización de cada módulo formativo aplicarase unha proba de avaliación final de carácter teórico-práctico que estará referida ao conxunto das capacidades, criterios de avaliación e contidos asociados ao devandito módulo.*

(...)

*Cando o módulo se estructure en unidades formativas, a citada proba configurarase de maneira que permita identificar a puntuación obtida en cada unha delas.”*

É dicir, os alumnos deben presentarse a un exame ou proba de avaliación final por cada Módulo Formativo e en caso de que ese módulo estea formado por varias Unidades Formativas, o exame estará diferenciado de maneira que se poida asignar unha puntuación a cada Unidade Formativa.

O mínimo de preguntas/exercicios que debe ter unha proba de avaliación é de 5. As características destas son:

- Unicamente realizaranse preguntas de resposta aberta e de desenvolvemento.
- Débense incluír sempre algún exercicio de carácter práctico.
- Débese indicar en cada pregunta a capacidade coa cal se relaciona e a puntuación de cada unha.
- O exame puntúase de 0 a 10, sendo a nota mínima para superalo de 5.

Ademais débese aportar un modelo coa resposta. No caso de que non exista unha resposta única, este modelo debe mostrar instrucións de realización do exercicio o descrición dos pasos



que debe dar o alumno para chegar a unha resolución no caso. A pesar de ser un exercicio de corrección subxectiva debe indicarse os puntos críticos que ha de incluír a solución do alumno para considerarse válido o exercicio e evidenciar que da resposta a capacidade.

Tendo en conta que a normativa contempla dúas convocatorias do exame, débense entregar dous modelos de exame diferentes por UF/MF.

#### 4. INSTRUCCIÓN PARA A CUMPRIMENTACIÓN DOS DOCUMENTOS

O docente debe dispoñer dos seguintes documentos:

- Anexo III. Planificación didáctica
- Anexo IV. Programación didáctica
- Anexo V. Planificación da avaliación do aprendizaxe
- Anexo VI. Informe de avaliación individualizado
- Anexo VII. Acta de avaliación

##### A) Anexo IV Programación didáctica

Farase entrega ao docente deste documento preelaborado, no cal deberá concretar:

- Estratexias metodolóxicas, actividades de aprendizaxes e recursos didácticos: adaptando o texto preelaborado ás actividades e exercicios que va a realizar.
- Espazos, instalacións e equipamentos: engadindo o que considere necesario para o desenvolvemento das actividades e contidos na aula.

UNIDAD FORMATIVA	UF1125 Técnicas de programación en fabricación mecánica	HORA S	90
<b>Objetivos específicos</b> Logro dos resultados de aprendizaxe expresados nas capacidades e criterios de avaliación <sup>1</sup>	<b>Contidos<sup>2</sup></b>	<b>Estratexias metodolóxicas, actividades de aprendizaxe e recursos didácticos<sup>3</sup></b>	<b>Espazos, instalacións e equipamento<sup>4</sup></b>
